

3. Ente Público Portos de Galicia.

- 1 xefe/a de zona (Zona Sur-Pontevedra).
- 1 xefe/a de zona (Zona Centro-A Coruña).
- 1 xefe/a de zona (Zona Norte-Lugo).
- 2 gardapeiraos (Zona Sur-Pontevedra).
- 2 gardapeiraos (Zona Centro-A Coruña).
- 1 gardapeiraos (Zona Norte-Lugo).

2) En todo caso, quedará garantida a apertura e o peche de todos os centros de traballo.

#### *Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de setembro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 6 de setembro de 2010 pola que se fixan os honorarios dos peritos terceiros nas taxacións periciais contraditorias.*

O artigo 63 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008 (DOG do 31 de decembro de 2007), prevé que nos tributos xestionados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia, e en corrección do resultado obtido na comprobación de valores, os interesados poderán promover a práctica da taxación pericial contraditoria.

A taxación pericial contraditoria é un procedemento probatorio á disposición dos obrigados tributarios polo cal a Administración tributaria se compromete a aceptar a valoración sinalada por un terceiro perito, independente respecto de ambas as dúas partes, que así dirime a controversia que se suscitou respecto das valoracións realizadas polos órganos competentes da devandita Administración tributaria.

Na regra 4ª, punto primeiro, do artigo 64 da Lei 16/2007, onde se regula o procedemento de taxación pericial contraditoria, establécese a posibilidade de

que a Administración tributaria competente poida establecer honorarios estandarizados para os peritos terceiros que deban de ser designados, de modo que a aceptación da súa designación determine a aceptación dos honorarios aprobados pola Administración.

Considerando que o pagamento dos honorarios do perito terceiro pode corresponder á Administración ou ao obrigado tributario dependendo da diferenza existente entre a valoración que realice o dito perito e o valor comprobado administrativamente, esta Administración considera que o establecemento de honorarios máximos contribúe a dotar de maior seguridade xurídica ambos os dous, posto que permite realizar unha estimación dos honorarios a que terían que facer fronte.

De conformidade coa competencia atribuída polo artigo 7 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o artigo 64 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008,

### *DISPOÑO:*

#### Artigo 1º

1. Apróbanse os seguintes honorarios máximos dos peritos terceiros designados para intervir nas taxacións periciais contraditorias relativas aos tributos xestionados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia:

Valor de taxación (euros)		Honorarios máximos (euros)
Desde	Ata	
0,00	30.000,00	200,00
30.000,00	60.000,00	265,00
60.000,00	150.000,00	325,00
150.000,00	600.000,00	365,00
600.000,00	1.500.000,00	855,00
Máis de 1.500.000,00		900,00

2. Logo de autorización do director xeral de Tributos, por causa debidamente xustificada, poderanse acordar honorarios superiores aos previstos no número anterior.

3. Os honorarios máximos dos peritos terceiros non inclúen o imposto sobre o valor engadido, nin o importe das taxas que, se é o caso, se xeren polos visados dos correspondentes colexios profesionais.

#### Artigo 2º

No suposto de que o perito terceiro exixa que, previamente ao desempeño do seu labor, se faga provisión de importe dos seus honorarios mediante depósito, o seu importe determinarase a partir da media aritmética dos valores asignados polo perito da Administración e polo do obrigado tributario.

*Disposición transitoria*

Os procedementos de taxación pericial contraditoria pendentes de resolución no momento da entrada en vigor desta orde seguirán rexéndose polo establecido na normativa vixente na data de presentación da correspondente solicitude.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Decreto 152/2010, do 16 de setembro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada. 2ª fase, p.k. 0+000 ao 6+630, nos termos municipais de Samos e do Incio. (Clave LU/10/035.02).*

Con data do 19 de xullo de 2010 a Dirección Xeral de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto de construción da adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa IMD mellorada. 2ª fase, p.k. 0+000 ao 6+630, nos termos municipais de Samos e do Incio. (Clave LU/10/035.02).

Nesta actuación modificarase o trazado, eliminando puntos especialmente perigosos, aumentando os raios mínimos, a largura da vía e as beiravías. Tamén se reordenarán os accesos á estrada e se perfeccionará a pavimentación e a sinalización.

No que atinxe ás comunicacións e accesibilidade, ampliarase a estrada coa inclusión de novas vías, aumentando a capacidade desta, desconxestionando o tráfico e reducindo os tempos de percorrido. Tamén se mellorará o acceso ás diversas empresas da zona, vivendas e edificacións, por mor da reposición dos camiños públicos que son interceptados pola traza.

Finalmente, reducirase o impacto visual debido á revexetación con especies autóctonas, o que aumentará a eficiencia enerxética, a vida útil da vía e mellorará a drenaxe.

A xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución desta actuación ven motivada pola necesidade de mellorar a seguridade viaria ao tratarse dun treito especialmente sinuoso.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación ao departamento competente, actualmente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En virtude de todo o exposto, e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de setembro de dous mil dez,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios, e que se concretan no expediente administrativo instruído, así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para efectos de expropiación do proxecto de construción da adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa IMD mellorada. 2ª fase, p.k. 0+000 ao 6+630, nos termos municipais de Samos e do Incio. (Clave LU/10/035.02).

Santiago de Compostela, dezaseis de setembro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

*Decreto 153/2010, do 16 de setembro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto modificado número 1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) de vehículos no termo municipal do Incio. (Clave LU/08/090.02.M1).*

Con data do 20 de xullo de 2010, a Dirección Xeral de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto modificado nº 1 da obra de adaptación da estrada